



Trump, Venezuela e o novo mundo en directo

Descrición

Toda a súa xestión concreta e performance comunicativa bebeu do legado da primeira presidencia Trump, así como da densa rede de intelectuais do movemento MAGA (Make America Great Again) —como o Proxecto 2025— que prepararon minuciosamente a volta ao poder do magnate. Non foi, así, a potencial toma de Venezuela, un meteorito inesperado. O trumpismo leva dende cada parándose e espallándose a toda velocidade polo planeta, configurando o mundo novo no que estamos. Detrás del e do movemento popular que o sustenta, máisvense grandes conglomerados económicos estadounidenses, entre eles as novas tecnolóxicas e os gurús dos algoritmos.

Se a volta aos Imperios e ás súas esferas de influencia foi, desde o primeiro instante coa aproximación a Rusia, a tese principal de política exterior do Trump 2.0 —como primeiro reflexo para conter a competición estratéxica a medio e longo prazo con China—, a potencial toma de Venezuela confirma esa hipótese. Máis alí do factor crítico das *operacións especiais*, a acción do 3 de xaneiro de 2026 para capturar a Nicolás Maduro e a Cilia Flores, descabezando a orde institucional venezolana, incide nese escenario dos EEUU imperiais, no medio da negociación sobre Ucraína e o esfolamento da Unión Europea e do sistema de normas internacionais.

Se durante todo o ano 2025 a administración Trump foi colocando as pezas, a nova Estratexia de Seguridade Nacional, presentada en novembro, acoutaba todo ese pensamento. A preparación do asalto a Venezuela nos últimos meses —desde o despregue da frota no Mar Caribe ata o peche por terra, mar e aire— é un caso práctico, un modelo ideal para este documento e para o novo mundo no que estamos. Trump move fichas en Venezuela refacendo o mapamundi global e levando adiante o seu corolario á Doutrina Monroe.

Ao inicio do 2026, queda claro que o trumpismo trouxo un substancial pensamento estratéxico para competir coa emerxencia chinesa, que xa cambiou a historia do planeta e a gobernanza global. Nese sentido, tan elocuente como o secuestro do presidente de Venezuela foi a rolda de prensa posterior, na que, aínda habendo máis incertezas que seguridades, anunciábase unha Venezuela gobernada de facto desde Washington. Falou dun proceso que durará anos, que poderá ter máis episodios de violencia —ninguén se rendeu publicamente en Caracas— e polo que os EEUU actualizarán a súa industria petrolleira.

Máis alí das consideracións sobre a lexitimidade ou non da Presidencia de Maduro, o novo mundo en directo que vivimos, ofrece un forte cheiro ao pasado colonial e racista do século XIX. Haberá que seguir os acontecementos en Venezuela e nos distintos escenarios conectados, como por exemplo Ucraína, Taiwán, Groelandia ou Irán, só por citar algúns, porque serán máis.

APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

Estados Unidos · América Latina

ETIQUETAS

Venezuela Maduro Trump

INVESTIGACION

Relaciones Internacionales

Fecha de creación

9 de enero de 2026

Campos meta

Autoria : 3782

Subtítulo : Artigo orixinalmente publicado no Faro de Vigo, 7 de xaneiro do 2025